

## TEMA 6

Nome: .....

Curso: .....

**1** Escribe o sector económico ao que pertencen estas profesións:



.....

**2** Que diferenzas existen entre o traballo artesanal e a produción industrial? Como se elaboran hoxe en día a maioría dos produtos?

.....  
.....  
.....

**3** Ordena o proceso que segue un bote de marmelada de albaricoque desde a súa produción ata que chega ao consumidor final:

- O almacenista cómpralle ao fabricante grandes cantidades de produto.
- O comerciante retalista compra pequenas cantidades de produto.
- O agricultor cultiva albaricoques e colléuitaos cando están maduros.
- Na fábrica os albaricoques manipúlanse e transfórmanse en marmelada.
- O comerciante véndelle nunha tenda un bote de marmelada a un consumidor.

**4** Enumera e describe os servizos públicos que coñezas:

.....  
.....


**5** Sinala as frases verdadeiras sobre a educación vial:

- O tráfico organízase mediante varios sinais.
- Os sinais verticais son marcas pintadas no chan.
- Os sinais luminosos regulan a circulación con luces de cores.
- Os sinais horizontais son rótulos que se sosteñen por un poste.
- Os axentes de tráfico regulan a circulación por medio dos brazos.

## TEMA 6

Nome: .....

Curso: .....



Xerardo e Mónica son compañeiros de clase e, con outros alumnos, visitan unha granxa de vacas onde se elaboran queixos.

Dado que a granxa está bastante lonxe da escola, a súa mestra explicoulles que irán ata alí en autocar.

**1** Xerardo e Mónica sentan no autocar e poñen o cinto de seguridade. Que nome recibe este elemento de seguridade?

- A É un elemento de seguridade activa.
- B É un elemento de seguridade pasiva.
- C É un elemento de seguridade pretérita.
- D É un elemento de seguridade reflectante.

**2** Durante o traxecto Xerardo e Mónica observan varios sinais de tráfico e intentan interpretar o seu significado:

Que expresan os sinais de tráfico da parte superior?	Si ou non?
O sinal núm. 1 expresa prohibición de paso para os condutores.	Si / Non
O sinal núm. 2 obriga os condutores a parar ante un hospital.	Si / Non
O sinal núm. 3 advirte os condutores do perigo de proximidade de nenos.	Si / Non

**3** Na granxa, Xerardo e Mónica encóntranse con outro grupo escolar que viaxou en tren. Que tipo de transporte é?

- A O tren é un medio de transporte aéreo.
- B O tren é un medio de transporte terrestre.
- C O tren é un medio de transporte marítimo.
- D O tren é un medio de transporte de estrada.

## TEMA 6

Nome: .....

Curso: .....

Xan, o propietario da granxa, exercerá de guía durante a visita.

En primeiro lugar, ensíñalles aos alumnos os prados onde as vacas pacen e as cortes nas que se extrae o leite.

Acto seguido, condúceos a través da fábrica para ensinarlles o proceso de elaboración do queixo.



**4** Mónica afirma que a obtención do leite das vacas é unha tarefa do sector primario. Con que actividade económica se relaciona?

- A A obtención do leite relaciónase coa minaría.
- B A obtención do leite relaciónase coa gandería.
- C A obtención do leite relaciónase coa agricultura.
- D A obtención do leite relaciónase coa explotación forestal.

**5** Mentres visitan a fábrica, Mónica afirma que a industria da alimentación é o sector industrial máis desenvolvido de España, pero Xerardo asegura que é a construción.

Ten razón Xerardo? .....

Por que? .....

.....

**6** Xan di que o queixo se comercializa ata chegar aos cidadáns. En que orde interveñen os axentes do proceso comercial?

- A Produtores, consumidores e transportistas.
- B Produtores, comerciantes e consumidores.
- C Transportistas, produtores e consumidores.
- D Comerciantes, consumidores e transportistas.

**7** Xan explica que venden moitos queixos en Francia.

As vendas de queixo realizadas en Francia reciben o nome de .....

## TEMA 6

Nome: .....

Curso: .....



Xan termina a visita nun restaurante situado preto da fábrica, onde os visitantes poden degustar unha selección dos diversos queixos elaborados.

Desa forma, Xerardo e Mónica puideron observar, en tan só un día, un negocio no que interveñen actividades propias dos tres sectores económicos.



**8** Xerardo di que os empregados do restaurante prestan un servizo. Con que actividade está relacionado?

- A O restaurante relaciónase coa produción de enerxía.
- B O restaurante relaciónase cos servizos ás persoas.
- C O restaurante relaciónase coa actividade da hostalería.
- D O restaurante relaciónase coa actividade dos transportes.

**9** Mónica afirma que no restaurante hai moitos estranxeiros que están gozando do turismo de Sol e praia. Porén, Xerardo respóndelle que en realidade están practicando o turismo cultural:

Quen cres que ten razón? .....

Por que? .....

.....

**10** Antes de marchar, Xan explícalles aos alumnos que polos arredores da granxa hai bonitas paisaxes onde practicar o senderismo.

O senderismo é unha actividade propia do turismo .....